

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación lista provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de inspector/a da policía local, pola quenda de mobilidade, (subgrupo A2), C.E 22/23

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 01 de xuño de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado para a cobertura das seguintes prazas:

1 praza de inspector/a da Policía Local, pola quenda de mobilidade, da escala administración especial (subgrupo A2), C.E. 22/23

Admitidas:

Non hai ningunha solicitude de persoas aspirantes admitidas ao proceso.

Excluídas:

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSA DE EXCLUSIÓN
ESTEVEZ FRANCO, JOSÉ MANUEL	***0226**	a), b)

Causas de exclusión:

a) Non achega o modelo específico de solicitude de admisión a probas selectivas (modelo 095) esixido nas bases da convocatoria ou o devandito modelo non está correctamente cuberto. Debe achegar modelo 095 debidamente cuberto e asinado.

b) Non acredita que reúne os requisitos recollidos no punto 3 nos apartados a), b) e c), das bases específicas que rexerán este proceso selectivo, debe acreditar a súa situación administrativa.

A inclusión das persoas aspirantes nas listaxes de admitidas ás probas selectivas non supón en ningún caso o recoñecemento por parte da Administración de que reúnen os requisitos esixidos nas bases da convocatoria. A acreditación e verificación destes requisitos terá lugar para as persoas aspirantes que superen o proceso selectivo, antes do seu nomeamento como persoal funcionario.

Segundo.- A listaxe de persoas admitidas e excluídas poderá consultarse a través do teléfono 010 de información municipal (981.920.010 se se chama desde fóra da cidade), no BOP e na páxina web www.coruna.gal

Terceiro.- As persoas aspirantes excluídas, así como aquelas persoas que non figuren nas listaxes, disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no BOP, para reclamar ou emendar o defecto que motivou a exclusión ou omisión.

Esta emenda poderase realizar a través do procedemento "Achega de documentación e/ou alegacións a un expediente", preferiblemente de forma electrónica, a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>), indicando no campo de descrición o número de asento do rexistro da solicitude de participación neste proceso selectivo.

Aquelas persoas que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidas serán definitivamente excluídas do proceso selectivo.

A Coruña, 4 de xuño de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas